

HISTORIA DA FILOSOFÍA

Avaliación dos exercicios: análise, 4 puntos; 1ª cuestión, 3 puntos; 2ª cuestión, 3 puntos. (O alumno elixirá dúas cuestións das tres propostas)

OPCIÓN 1

“ Se o home é tan libre como temos explicado no estado de Natureza, se é señor absoluto da súa propia persoa e dos seus bens, igual ó home máis alto e libre de toda suxeición, ¿por qué razón vai renunciar a esa liberdade, a ese poder supremo para someterse ó goberno e á autoridade doutro poder? A resposta evidente é que, a pesar de dispoñer de tales dereitos no estado de Natureza, é moi inseguro nese estado o disfrute dos mesmos, encontrándose exposto constantemente a ser atropelado por outros homes. Sendo todos tan reis coma el, calquera home é o seu igual: como a maior parte dos homes non observan estrictamente os mandatos da equidade e da xustiza, resulta moi inseguro e mal gardado o disfrute dos bens que cada cal posúe nese estado. Esa é a razón de que os homes estean dispostos a abandonar esa súa condición natural que, por moi libre que sexa, está chea de sobressaltos e de continuos perigos. Teñen razóns suficientes para procurar saír da mesma e entrar voluntariamente en sociedade con outros homes...”

LOCKE, *Ensaio sobre o goberno civil*, 123.

1. Explicación e comprensión do presente texto
2. Explica e di a qué se retire esta frase de Locke: “Supoñamos, pois, que a mente é, como dicimos, un papel en branco no que non hai ningún carácter impreso, sen ningunha idea”
3. Crítica da causalidade en Hume.
4. Sinala e explica os tres **poderes** que distingue Locke e indica cal é o principal, ó que están subordinados os demais.

OPCIÓN 2

“- Pois ben -dixo- pola miña parte estou desexando oír cales son os catro gobemos dos que falas.
- Non costa nada decircho -respondín-, pois aqueles dos que falo son os que teñen tamén o seu nome: o tan louvado polo vulgo, ese dos cretenses e lacedemonios; o segundo en orde e segundo tamén en canto a popularidade, a chamada oligarquía, réxime cheo de innumerables vicios; segue a este o seu contrario, a democracia, e logo a gloriosa tiranía, que avantaxa a tódolos demais en calidade de cuarta e última enfermidade do Estado. ¿Ou coñeces algunha outra forma de goberno que deba ser situada nunha especie claramente distinta destas? Porque dinastías e reinos venais e outros gobernos semellantes non son, segundo creo, máis que formas intermedias entre unhas e outras como os que poden atoparse en non menor cantidade tanto entre os bárbaros como entre os gregos”.

PLATÓN, *A República*, 544 c e d.

1. Explicación e comprensión do presente texto
2. Explica as distintas **clases de goberno** en Platón. ¿Cal é, para el, a mellor? ¿Que orixe teñen?
3. Sinala o paralelismo que existe entre as distintas “partes” da alma e os distintos “sectores” do Estado.
4. Enumera as virtudes anexas a cada clase da alma. ¿Como xorde en Platón a xustiza?

HISTORIA DA FILOSOFÍA

Avaliación dos exercicios: Análise, 4 puntos; 1ª cuestión, 3 puntos; 2ª cuestión, 3 puntos. (O alumno elixirá dúas cuestións das tres propostas).

OPCIÓN 1

“Asi, posto que os sentidos nos enganan, ás veces, quixen supoñer que non hai ningunha cousa que sexa tal e como eles nola presentan na imaxinación; e xa que hai homes que erran ó razoar, aínda sobre dos máis simples asuntos de xeometría, e cometen paraloxismos, xulguei que eu estaba tan exposto ó error coma outro calquera, e desbotei como falsas todas as razóns que anteriormente tivera por demostrativas; e, en fin, considerando que todos os pensamentos que nos veñen estando despertos pódense tamén ocorrer durante o sono, sen que ningún entonces sexa verdadeiro, resolvín finxir que todas as cousas que ata entonces entraran no meu espírito non eran máis verdadeiras cás ilusións nos meus sonhos. Pero advertín logo que, querendo eu pensar, desta sorte, que todo é falso, era necesario que eu, que o pensaba, fose algunha cousa; e observando que esta verdade: “eu penso, logo son”, era tan firme e segura que as máis extravagantes suposicións dos escépticos non son capaces de conmovela, xulguei que podía recibila, sen escrúpulo, como o primeiro principio da filosofía que andaba buscando”.

DESCARTES, *Discurso do Método*, IV.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. ¿Que diferencias existen entre a “substancia pensante” e a “substancia extensa? ¿Como se comunican?
3. Enumera e explica as “regras” que ha de cumprir o Método cartesiano.
4. Sinala as características sobresalientes das interpretacións “racionalista” e “empirista” do coñecer humano.

OPCIÓN 2

“Segundo esto, é evidente que a cidade-estado é unha cousa natural e que o home é por natureza un animal político ou social; e un home que por natureza e non so polo azar é apolítico ou insociable, ou ben é inferior na escala da humanidade ou ben está por riba dela ... E a razón pola que o home é un animal político en maior grao ca calquera abella ou calquera animal gregario é algo evidente. A natureza, en efecto, non fai nada sen un fin determinado; e o home é o único entre os animais que posúe o don da linguaxe”.

ARISTÓTELES, *Política*, I,1.

1. Explicación e comprensión do presente texto.
2. Exposición da “Teoría hilemórfica” e a súa aplicación ó ser humano.
3. ¿Cal é a orixe da sociedade e qué tipos de sociedades distingue Aristóteles.
4. Se a felicidade consiste na actividade da alma conforme á virtude, sinala as virtudes humanas, segundo Aristóteles.

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1. Con carácter xeral:

Os que figuran no Dexeño Curricular Base da materia. É necesario destacar, en especial, os seguintes:

- a) Analisa-lo contido dun texto filosófico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos, e conclusións).
- b) Interpretar un texto filosófico sinalando, por un lado, a relación entre o problema que formula o autor e o contexto teórico e social da época e, por outro, diferenciando as propostas que contén doutras posibles posicións sobre o mesmo tema.
- c) Ordenar e situar cronolóxicamente as diversas interpretacións filosóficas estudadas, relacionándoas unhas coas outras, sinalando as súas similitudes e diferencias e recoñecendo a permanencia e a historicidade das propostas filosóficas.

2. Con carácter específico:

- a) O alumno, mediante a análise, fará explícita a estrutura do Texto, indicando a **idea principal ou tese**, os argumentos que a sustentan e as súas conclusións. Sinalará igualmente as **ideas secundarias**, indicará os **conceptos e termos** que os denominan co seu significado no texto e histórico e contextualizará o fragmento dentro da obra do autor.
- b) A resposta a cada unha das cuestións adecuarase ó os contidos do bloque a que se refira.
- c) Valorarase a precisión e claridade da exposición, así como todo o que poida contribuir a mostrar contidos de **tipo actitudinal e procedemental**.

3. Puntuación: (ata un máximo de 10 puntos)

Análise de texto	4 puntos
1ª cuestión	3 puntos
2ª cuestión	3 puntos